



O grupo de españois presente no Congreso, todos eles socios da APPB

Venecia acolleu o XXII Congreso Mundial de Podoloxía Bovina

Entre o 16 e o 20 de setembro tivo lugar na cidade italiana de Venecia a 22.ª edición do Congreso Mundial de Podoloxía Bovina, onde se reuniron boa parte dos mellores investigadores, científicos, profesores, veterinarios e técnicos do mundo. Nesta nova entrega de saúde podal ofrecemos unha síntese dos temas clave que se debateron neste encontro.



José María García Nieto
Presidente da APPB

Entre os expertos que se deron cita na cidade italiana atopábanse Carlo María Mortellaro (descubridor da dermatite), Dörte Döpfer, Christoph Mülling, Johann Kofler, Lorsi de Vechis, George Oikonomou, Evgenij Telezhenko e Gerard Cramer. Ademais, tamén acudiron os relatores españois Arturo Gómez e Marc Pineda, ambos socios da APPB.

Tivemos a oportunidade de ver os stands de diferentes empresas, onde se expuñan produtos do mercado relacionados coa podoloxía bovina, algúns típicos e outros máis novos; entre eles estaban Intracare Italy, Zinpro, Demotec, Klau ou Cowcare, así como a empresa española Anka.

A DERMATITE, EIXE CENTRAL DO PRIMEIRO DÍA

A primeira xornada estivo dedicada principalmente á dermatite, coa destacada participación de Mortellaro e Dörte Döpfer, especialistas na devandita patoloxía.

A dermatite segue a ser unha das patoloxías máis comúns nas granxas de todo o mundo, motivo polo cal se continúa facendo tanto fincapé no seu tratamento, prevención e curación. Grazas aos estudos realizados polos investigadores, temos unha grande axuda para saber

como enfrontarnos a ela e como previla. Aínda que existen avances no seu tratamento, a principal forma de tratala continúa sendo a prevención de todo o rabaño, cos clásicos pediluvios que xa todos coñecemos, unhas boas rutinas e empezando desde idades temperás.

Outra das partes nas que insistiron todos eles foi na necesidade da unificación de criterios á hora de mencionar as distintas lesións. Hoxe en día recóllense moitos datos e é fundamental coñecer ben as distintas lesións e as súas nomenclaturas, para poder obter bos informes acerca da incidencia e prevalencia destas. Sobre este tema foi a presentación do noso compañeiro Marc Pineda, quen deu a coñecer o manual que o GT-FEPYBA creou, coa idea de que todos os podólogos da península ibérica recollan as lesións e a súa severidade, co mesmo criterio e rigor.

Tamén se deron a coñecer algunhas ferramentas novas para a detección de coxeiras, en especial para a detección da dermatite e o seu estadio. Son sistemas novos nos que aínda se está traballando e nos que xoga un papel moi importante a intelixencia artificial (IA), que tanto está a medrar nos últimos tempos.


O SEGUNDO DÍA DEDICÓUSE AO RECORTE DE PEZUÑOS

A segunda xornada centrouse un pouco máis no recorte de pezuños, os distintos métodos de recorte e tamén no tratamento das lesións. Aí puidemos descubrir novos estudos sobre a influencia que teñen os dis-

tintos tipos de recorte, nas presións que se exercen cando unha vaca camiña e cal pode ser mellor segundo o chan no que estean.

En canto ao tratamento de lesións, falouse dos produtos máis eficaces para o seu tratamento e como se deben aplicar. Do mesmo xeito, recalouse a importancia de usar antiinflamatorios despois de tratar lesións severas para obter mellores resultados, do uso de vendas con produtos de uso tópico, a importancia dunha boa desinfección antes de vendar, sacar ou cambiar as vendaxes con frecuencia.

Pola súa banda, Arturo Gómez (Zinpro) presentou a charla titulada “Desafíos nutricionales e manexo das coxeiras co cambio climático”. Nela abordou a realidade do cambio climático, a cal estende cada vez máis os períodos de estrés por calor que sofren os animais en granxas de produción leiteira, e fixo fincapé nos profundos cambios fisiolóxicos que o estrés por calor provoca nestes animais, os cales inflúen de forma negativa e moi importante na saúde podal. Amosou algunhas estratexias de loita contra o estrés por calor, coma un coidado preciso e específico tanto a nivel nutricional coma do manexo ambiental de instalacións e do movemento dos animais especialmente durante o período de transición. Gómez continuou a súa exposición pondo o foco na nutrición de precisión e calidade como unha ferramenta moi útil que axuda a mitigar os efectos do estrés por calor. Así, un bo manexo da auga (tanto de calidade como de cantidade), o uso de ingredientes con eficacia probada na preservación dun sistema dixestivo en boas condicións como algúns minerais traiza, a selección de forra-



Marc Pineda

xes de alta dixestibilidade, o uso de certos aditivos que melloren a fermentación da fibra a nivel ruminal e, en xeral, a optimización de inxestión de materia seca son algunhas das estratexias que o responsable da nutrición na granxa pode utilizar para completar outras accións (podoloxía, instalacións etc.) que mitigan o efecto do estrés por calor sobre a saúde podal.


MANEXO, INVESTIGACIÓN E UNIFICACIÓN DE CRITERIOS, ALGÚNS TEMAS DO TERCEIRO DÍA

Durante a terceira xornada as exposicións tiveron lugar en dúas salas simultaneamente. En cada unha delas impartíanse charlas dunha duración de 15 minutos cada unha, nas que se presentou un pouco de todo: manexo de animais, investigacións, unificación de criterios etc.


OS TALLERES EN GRANXA, O BROCHE FINAL DESTA EDICIÓN

Para o derradeiro día organizouse unha xornada en granxa moi interesante, dinámica e entretida, onde había preparados varios talleres de traballo: cualificación de coxeiras co sistema Roms (do cal a APPB é colaborador na Península Ibérica), recorte, dermatite, manexo de animais, instalacións e seguridade laboral.

No taller organizado por Anka, Eki González e Daniel Zalduendo mostráronnos os distintos métodos de seguridade que podemos utilizar para



Evgenij Telezhenko



Arturo Gómez (Zinpro) presentou a charla titulada “Desafíos nutricionales e manexo das coxeiras co cambio climático”



Daniel Zalduendo (Anka) impartiu, xunto a Eki González, o taller sobre métodos de seguridade para reducir o risco de lesións

reducir considerablemente o risco de cortes ou lesións comúns. Isto conséguese ás veces con pequenos cambios nas nosas rutinas de traballo, o emprego de luvas anticorte, lentes, tapóns para os oídos, proteccións nas amoladoras, posturas ergonómicas no traballo e exercicios de quecemento e estiramento previos ao comezo da xornada laboral. ■

NOTA DA APPB

A vindeira cita será Dinamarca no ano 2027 e o equipo da APPB alí estará.

CAIXA RURAL
GALEGA

Ruralvía

> caixaruralgalega.gal



> Síguenos!

Comprometidos
contigo!

